

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 27 DE OUTUBRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día vinte e sete de outubro de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

Non asiste:

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-
2. DASE CONTA DA RESOLUCION DA ALCALDIA Nº 182/ 2016, ADXUDICACION DOS PROXECTOS DE REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DOS ALUMEADOS PÚBLICOS SUBVENCIONADOS POLO INEGA-XUNTA DE GALICIA.-
3. DONA M.C.L. PRESENTA ESCRITO SOLICITANDO A LIMPEZA DO CAMIÑO DENOMINADO 'CAMINO DETRION'.-
4. ACORDO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO E ESTE CONCELLO PARA A EXECUCION DAS OBRAS 'CONSTRUCCION DE BEIRARRÚAS NO NÚCLEO DE IGREXA DE VILADOABADE'.-
5. NOTIFICACION DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCION PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).-
6. SERVIZOS SOCIAIS.-
7. DON M.C.C. SOLICITA UNHA LICENZA URBANISTICA PARA A CONSTRUCCION DE ALMACEN PARA MAQUINARIA AGRICO LA NO LUGAR DE MEIXOME PARROQUIA DE LEOBALDE OESTE TERMINO MUNICIPAL.-
8. APROBACION DE FACTURAS.-
9. APROBACION DA CERTIFICACION DA OBRA 'MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DE ABELEIRA EN CERCEDA E BALDAIO EN TORDOIA'.-
10. APROBACION DE PRESUPOSTO DO INVENTARIO DE VIAIS DAS PARROQUIAS DE CABALEIROS E CASTENDA OESTE TERMINO MUNICIPAL.-
11. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-

É aprobada a acta nº 21/2016 que tivo lugar o 13.10.2016.

2. DASE CONTA DA RESOLUCION DA ALCALDIA Nº 182/ 2016, ADXUDICACION DOS PROXECTOS DE REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DOS ALUMEADOS PÚBLICOS SUBVENCIONADOS POLO INEGA-XUNTA DE GALICIA.-

O señor alcalde da conta da resolución de alcaldía nº 182/ 2016 coas seguintes resolucións:

PRIMEIRO. Levar a cabo as obras mediante o procedemento do contrato menor cos contratistas que obtiveron unha maior puntuación e por tanto oferta máis vantaxosa, e polos importes que se citan, nomeando como directores de obras e coordinadores do estudo de seguridade e saúde, de selo caso:

ADXUDICATARIA	PROXECTO	ORZAMENTO EXECUCION	I.V.E.	ORZAMENTO TOTAL	Director obra
Rofaya, S.L.	AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA DE INSTALACION PÚBLICA EXTERIOR PARDIÑEIRO	16.759,46	3.519,49	20.278,95	J.M.D.L. Colexiado coeticor XXXX
Rofaya, S.L.	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE CABANELAS	7.740,00	1.625,40	9.365,40	J.M.D.L. Colexiado coeticor XXXX
Proxecta Obras y Servicios, S.L.	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE PEDRASALGUEIRA	10.950,00	2.299,50	13.249,50	J.M.R.G. Colexiado coeticor XXXX
Proxecta Obras y Servicios, S.L.	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE SALGUEIROAS	7.500,00	1.575,00	9.075,00	J.M.R.G. Colexiado coeticor XXXX
Proxecta Obras y Servicios, S.L.	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE SANTAIA	11.420,00	2.398,20	13.818,02	J.M.R.G. Colexiado coeticor XXXX

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á aplicación 165.633.00 do vixente Orzamento.

TERCEIRO. Xunto coa certificación de obra a factura deberá conter as seguintes mencións:

- órgano de contratación
- órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública
- destinatario
- código DIR3
- oficina contable
- órgano xestor
- unidade tramitadora

CUARTO. Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura, certificación e demais documentación contemplada no T.R.L.C.S.P. e tramítase o pago se procede.

QUI NTO. Notificar a resolución aos adxudicatarios no prazo de dez días a partir da data da firma da Resolución."

3. DONA M.C.L. PRESENTA ESCRITO SOLICITANDO A LIMPEZA DO CAMIÑO DENOMINADO 'CAMINO DETRION'.-

Acordos adoptados:

Que pola Policía Local se realice informe para ver o estado do camiño anteriormente dita, e comprobar polos servizos técnicos municipais si este camiño é de propiedade municipal.

4. ACORDO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO E ESTE CONCELLO PARA A EXECUCION DAS OBRAS 'CONSTRUCCION DE BEIRARRÚAS NO NÚCLEO DE IGREXA DE VILADOABADE'.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar o proxecto denominado BEIRARRUAS EN IGREXA DE VILADABADE, por un importe de 59.900,00€ redactado polo enxeñeiro de camiños don J. C.R. M. nº colegiado XXXX.

2. Este concello pon a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións esixidos para levar a cabo a obra, correndo cos custos que se xeren entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.

3. Este concello asume unha vez recibidas as obras e logo da comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación delas.

4. Facultar ao señor Alcalde-Presidente don Antonio Pereiro Liñares, para a sinatura do correspondente convenio.

5. NOTIFICACION DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCION PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL(APROL RURAL).-

O 21/10/2016 recíbese notificación de resolución da Consellería de Economía, emprego e industria comunicando a concesión da subvención para o fomento do emprego no medio rural, nº de expediente TR351G 2016/43-1, para a contratación de 3 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado "accesibilidade local social de Piñeiro e beirarruas en Igrexa de Viladabade" a vista da documentación a Xunta de Goberno Local acorda aceptar a subvención e nomear como responsable do expediente a Carlos Sieira

6. SERVIZOS SOCIAIS.-

Acordos adoptados:

Vista da documentación e proposta formulada pola traballadora social, acorda conceder o servizo de axuda no fogar de libre concurrencia.

7. DON M.C.C. SOLICITA UNHA LICENZA URBANISTICA PARA A CONSTRUCCION DE ALMACEN PARA MAQUINARIA AGRICO LA NO LUGAR DE MEIXOME PARROQUIA DE LEOBALDE OESTE TERMINO MUNICIPAL.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a seguinte licenza urbanística con suxeición ao proxecto presentado e ás normas de edificación e condicións particulares e xera is establecidas nas correspondentes Leis e Ordenanzas:

- a) PROMOTOR: Manuel Codesal Canda!, DNI 53169588M
- b) SITUACION EMPRAZAMENTO: Meixome · Leobalde
- c) Referencia catastral: 15085A504002970000E1
- d) TECNICO AUTOR DO PROXECTO: MANUEL VILARIÑO SANCHÉZ, nº COLEGIAGO 3426
- e) PRAZO PARA INICIO E TERMINACION DAS OBRAS: segundo disposto no punto 3º
- f) CONTÍA NAS QUE SE ORZAN AS OBRAS, EXECUCIÓN MATERIAL: 29.079,20.-€
- g) ALTURA MÁXIMA, SUPERFICIE CONSTRÚIDA E OCUPACION DE PARCELA PERMITIDOS: 7m;71 0,1 l m2; 17,33%
- h) FINALIDADE DE ACTUACIÓN E USO AOQUE SE DESTINARÁ: Construción de almacén para maquinaria agrícola.
- i) TITULO PROXECTO: Proxecto refundido básico e execución nave para almacén de maquinaria agrícola

Segundo.- Aprobar a liquidación de dereitos munic1pais, de acordo coas ordenanzas fiscais municipais reguladoras, sen prexuízo das comprobacións que procedan sobre o custo real e efectivo da obra, unha vez concluída e das liquidacións complementarias que resulten procedentes.

Terceiro.- O prazo de iniciación non poderá exceder de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución, non podendo interromperse as obras por tempo superior a SEIS MESES.

Cuarto.- A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, así mesmo, das autorizacións e concesións a outorgar por outras administracións públicas .

Quinto.- Realizadas as obras obxecto desta licenza DEBERÁ PRESENTAR CERTIFICADO FINAL DE OBRA e realizar a comunicación previa regulada no artigo 24 e seguintes da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia para comprobación por parte dos servizos técnicos municipais e para qu e este certifique a veracidade das obras obxecto do proxecto e inspección previa ao exercicio da actividade.

8. APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

Son aprobadas e ordenase o pago con cargo á partida correspondente do vixente orzamento.

Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Documento
2016 454 21000	1.546,36	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	5626201668000940
2016 165 63300	38.294,85	PROXECTA OBRAS E SERVICIOS, S.L.	Emit2016 014
2016 165 65000	17.692,78	PROXECTA OBRAS E SERVICIOS, S.L.	Emit2016 014

9. APROBACION DA CERTIFICACION DA OBRA 'MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DE ABELEIRA EN CERCEDA E BALDAIO EN TORDOIA'.-

Acordos adoptados:

É vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación UNICA da obra " Mellora de eficiencia enerxética nos alumeados públicos de Abeleira en Cerceda e Baldaio en Tordoia", por importe de 55.987,63.-€, emitida polo Arquitecto Técnico J.P.F.M.,colexiado nº XXXX COAATAC, sendo adxudicataria Proxecta Obras e Servicios, S.L.

10. APROBACION DE PRESUPUESTO DO INVENTARIO DE VIAIS DAS PARROQUIAS DE CABALEIROS E CASTENDA OESTE TERMINO MUNICIPAL.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar o presuposto dos traballos do inventario de Viais realizado o 18.10.2016 por un importe de 3.200,00€ IVE non incluído.

11. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.